



unidade **didáctica** 1

## **O PATRIMONIO CULTURAL: DEFINICIÓNS E USOS SOCIAIS**

Nieves Herrero Pérez  
Departamento de Filosofía e Antropoloxía Social  
Facultade de Filosofía



© Universidade de Santiago de Compostela, 2008

**Deseño**  
Unidixital

**Edita**  
Vicerreitoría de Cultura  
da Universidade de Santiago de Compostela  
Servizo de Publicacións  
da Universidade de Santiago de Compostela

**Imprime**  
Unidixital  
Servizo de Edición Dixital da  
Universidade de Santiago de Compostela

**Dep. Legal:** C 857-2008  
**ISBN** 978-84-9750-923-7

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.  
Queda prohibida a duplicación parcial ou total desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos editores.

- Froufe Quintas, S. (2001.): "La animación comunitaria como acción socioeducativa en los espacios abiertos locales", *Hadaxe*, 17, pp. 119-138.
- \*García Canclini, N. (1993): "Los usos sociales del patrimonio cultural", en Florescano, E.: *El Patrimonio Cultural en México*, México, F.C.E. pp. 41-61.
- \*García García, J.L. (1998): "De la cultura como patrimonio al patrimonio cultural", *Política y sociedad*, nº 27, 9-20.
- Giddens, A. (1993): *Consecuencias de la modernidad*. Alianza, Madrid.
- Greenwood, D.J. (1972): "La cultura al peso: perspectiva antropológica del turismo en tanto proceso de mercantilización cultural", en Smith, V.L. (Ed.): *Anfitriones e invitados*, Madrid, Endimión, pp. 257-279.
- Lash S. e J. Urry 1995: *Economías de signos y espacios*, Buenos Aires, Amorrortu
- Neiret, R. (1992): "Le patrimoine valeur ajoutée", en: R. Neyret (Dir.): *La patrimoine atout du développement*, Lyon, Presse Universitaires de Lyon, pp. 7-17.
- Pose Porto, H. M. (2000): "El departamento de educación y cultura de un pequeño municipio: balance crítico-descriptivo (y algo terapéutico) de una intervención" en: Caride, J. A. (coord.): *Educación social y políticas culturales*, Santiago de Compostela, pp. 119-139.
- Prats, LL. (1997): *Antropología y patrimonio*, Ariel, Madrid.
- \*Prats, LL. (1998): "El concepto de patrimonio cultural", *Política y sociedad*, 27:63-76.
- Prats, LL. (1999): "Antropoloxía aplicada e reprodución da identidade", en: *Galicia fai dousmil anos. O feito diferencial galego III. Antropoloxía*, vol 2, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, pp. 135-143.
- Prats, LL. (2003): "Patrimonio+turismo=¿desarrollo?". *Pasos. Revista de turismo y patrimonio cultural*, vol. 1, nº 2, <http://www.pasoline.org>.
- \*Sierra Rodríguez, X.C. (1999a): "Experiencias de patrimonialización e musealización. Identidade local en concellos non urbanos", en: *Galicia fai dousmil anos. O feito diferencial galego III. Antropoloxía*, vol 2, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, pp. 295-327.
- Sierra Rodríguez, X.C. (1999b): "Museos y patrimonio etnológico. Una propuesta para el desarrollo: los casos de Allariz y Vilar de Santos", en: *Patrimonio Etnológico. Nuevas perspectivas de estudio*, Granada, Instituto Andaluz del P.H.-Junta de Andalucía, pp. 192-208.
- Sierra Rodríguez, X.C. (2001): "O patrimonio cultural e os museos, instrumentos para a construción e a representación das identidades. Notas sobre (e dende) Galicia", en Reboredo, X. M.: *Etnicidade e nacionalismo. Simposio Internacional de Antropoloxía*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 527-567.
- Turner, V. (1980): *La selva de los símbolos*, siglo XXI, Madrid.
- Valcárcel Rivero, C. E e X. M. Santos Solla (1998): "Turismo rural, lingua e desenvolvemento rural", *Sémata*, 9, pp. 79-106.

sicións de valor e interese sobre o que é ou non digno de conservación e estudo” (1998, 82). Os dominios político e económico explícitos e formalizados ofrecen xa ámbitos moi claros para levar a cabo esta negociación, pero deben estudarse e arbitrarse outros para detectar quen deben ser os potenciais interlocutores das institucións en cada caso (1998, 83) e facer chegar as voces de sectores e grupos e colectivos que quizais non teñen acceso nin participación nos ámbitos formais. Falamos dun proceso complexo que implica “normativas legais, tomas de decisión políticas, regulamentos, procedementos administrativos, estratexias de acción, plans e calendarios, obxectivos de comunicación, técnicas e medios audio-visuais, conferencias, actividades pedagóxicas e todo o entramado de recursos institucionais susceptibles de involucrar aos cidadáns” (Cruces 1998, 86) A animación sociocultural revélase aquí como un instrumento axeitado para levar a cabo accións concretas dentro do deseño das políticas socio-culturais dos concellos (Froufe, 2001; Pose, 2000).

#### **BIBLIOGRAFÍA**

- Agudo Torrico, J. (1996): “Patrimonio etnolóxico e identidades. Los nuevos contenidos ideolóxicos del trabajo etnográfico en Andalucía” en E. Aguilar Criado (coord.) *De la construcción de la Historia a la práctica de la Antropología en España*, VII Congreso de Antropología Social, Zaragoza, pp. 219-234
- \*Aguilar Criado, E. (2003): “La cultura como recurso en las políticas de desarrollo rural. Una lectura desde la globalización”, en: *Cultura y política, Actas 9 Congrés d’Antropologia*, Barcelona, edición en CDRom, ICA/FAAEE.
- Ariño Villarroya, A. (2004): “La promoción del patrimonio y la cultura popular” en X. Bouzada Fernández *Cultura y participación*, Consello da cultura Galega, pp. 51-77.
- Ballart, J. (1997): *El patrimonio histórico y arqueológico: valor y uso*. Ariel, Barcelona.
- Ballart Hernández e J. Juan i Tresserras (2001): *Gestión del patrimonio cultural*, Barcelona, Ariel.
- Bermejo Barrera, J. C. (2002): “Sobre el buen uso de los monumentos arqueológicos”, *Gerión*, nº1, pp. 11-32.
- \*Cruces, F. (1998): “Problemas en torno a la restitución del patrimonio. Una visión desde la antropología”, *Política y sociedad*, 27, pp. 77-87.
- Durkheim, E. (1982): *Las formas elementales de la vida religiosa*, Madrid, Akal.
- Escalera Reyes, J. (1993): “Espacios Naturales-Espacios Sociales: Por un Tratamiento Integral del Patrimonio Ecológico-Cultural de Andalucía. El Caso del Parque Natural de la Sierra de Aracena y los Picos de Aroche (Huelva)”, en González Rumbo, I. (Coord.): *Parques Naturales Andaluces. Conservación y Cultura*, Junta de Andalucía, pp. 11-17.

**MATERIA: ANTROPOLOXÍA, PATRIMONIO CULTURAL E EDUCACIÓN.  
PATRIMONIO ETNOGRÁFICO E CONSTRUCCIÓN DAS IDENTIDADES LOCAIS  
TITULACIÓN: LICENCIATURA EN PEDAGOXÍA / DIPLOMATURA EN  
EDUCACIÓN SOCIAL / MÁSTER EN SERVIZOS CULTURAI  
PROGRAMA XERAL DO CURSO**  
Localización da presente unidade didáctica

#### **UNIDADE I. O patrimonio cultural: definicións e usos sociais**

Tema I: Os conceptos de cultura e patrimonio. Tipos de patrimonio. A constitución do ámbito do patrimonio. Do patrimonio como valor esencial ao patrimonio como construción social. A natureza e a historia como fontes de sacralidade.

Tema II: Os axentes a as dinámicas de patrimonialización. Tipos de axentes. Dinámicas patrimonializadoras das institucións políticas: construción de identidades e desenvolvemento económico apoiado no turismo. O patrimonio como ámbito de participación e reflexividade.

Tema III: Museos e outras formas de representación dos fenómenos culturais. A interpretación do patrimonio.

Tema IV: O patrimonio etnográfico no ámbito local: iniciativas para a súa recuperación e dinamización. Elementos de patrimonialización. Arquivos da memoria.

Tema V: Marcos legais para a protección do patrimonio: a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

Tema VI: Análise de casos en Galicia.

cións relacionadas co patrimonio. Porén, moitas veces, fan un uso irresponsable e oportunista del, poñendo en marcha dinámicas patrimonializadoras a curto prazo orientadas exclusivamente polo interese “nas inauguracións, no clientelismo e na rendibilidade electoral” (Ll. Prats 1999, 142) que non se apoian na asistencia técnica e xestora de especialistas, nin se enmarcan nun planeamento global axeitado.

Entre as consecuencias máis nefastas deste uso oportunista do patrimonio encóntrase a folclorización e espectacularización da cultura e a redución das manifestacións culturais a meras imaxes para o consumo, “auténticos simulacros” (Bermejo, 2002, 24) dos que se subtrae o sentido interno que as constitúe. Isto tradúcese na construción de imaxes ruralizantes e esencialistas do noso pasado, nun “folclorismo de degustación” na gráfica expresión de Sierra (1999a, 311), que prefabrica versións das identidades locais, útiles ideoloxicamente porque producen un ben de doado consumo turístico, pero baleiras que pouco ou nada teñen que ver coa historia real, a diversidade e o cambio que existe en toda sociedade local.

O éxito das políticas do patrimonio, entendendo por tal a consecución de efectos verdadeiramente dinamizadores, esixe a súa integración nunha planificación global do territorio e nunha estratexia política, económica e socio-cultural estimada viable para este (Sierra, 1999a, 298) coa coordinación de accións e de axentes sociais e políticos implicados. Sen esquecer nunca que a finalidade de todo proxecto de desenvolvemento debe ser a mellora das condicións de vida locais.

Como afirman Ballart e Tresserras (2001, 204), o turismo é un consumidor intensivo do territorio e debe planificarse o seu desenvolvemento cunha visión a longo prazo que precise os obxectivos económicos que se queren cumprir, os espazos que hai que protexer, así como a identidade que se quere construír. Neste sentido resulta esencial a converxencia entre as políticas educativas, culturais e turísticas. É necesario educar e sensibilizar á poboación respecto a valores culturais da propia zona que en moitos casos ignora. Pero tamén é necesario “converter o que é culturalmente significativo para a comunidade en patrimonialmente relevante” (Prats 2005, 25). Isto esixe estudar e afondar na recuperación e fortalecemento da memoria local para que esta poida nutrir o patrimonio desde os significados culturais e os contextos sociais nos que se insire de maneira que este non resulte algo alleo á poboación. Nos proxectos de recuperación do patrimonio a memoria local e, en xeral, o patrimonio etnográfico non material do que esta forma parte, é sempre o grande esquecido a prol dunha visión monumentalista que privilexia os aspectos materiais máis acordes coa sociedade do espectáculo.

Nesta liña Ll. Prats propón considerar o patrimonio como un instrumento integral de planificación local e “eixo vertebrador” do desenvolvemento en todos os sentidos, pero basicamente económicos, urbanísticos e simbólico-identitarios (1995, 13).

A restitución enténdese desde esta perspectiva, tal e como sinala F. Cruces, como o “conxunto de mecanismos encamiñados a inducir ao longo do proceso algunha participación dos grupos sociais implicados” e “como un proceso de intercambio no que unha diversidade de axentes negocian po-

e impedir que cambie subtraéndoa ao paso do tempo, e é un símbolo de cohesión e grandeza.

O modelo MERCANTILISTA considera o patrimonio en relación coa súa capacidade de xerar riqueza e pode velo tanto como un obstáculo ou como un elemento de valorización do espazo do que se poden obter beneficios.

O modelo PARTICIPACIONISTA é o que concibe o patrimonio e a súa preservación en relación coas necesidades globais da sociedade e considera que a selección do que se preserva e o xeito de facelo debe decidirse a través dun proceso democrático. Este último modelo é efectivamente o que se corresponde cunha sociedade democrática comprometida coa busca da participación dos cidadáns nos distintos ámbitos da organización da vida social e, neste caso, das políticas nas que se integra a planificación e xestión do PC.

Podemos achegarnos a este modelo a través do concepto clásico de restitución. A "restitución do patrimonio" defínese tradicionalmente como unha fase das actuacións técnicas sobre o patrimonio xunto coas de investigación, conservación e difusión. A restitución fai referencia á necesidade de que os valores do patrimonio revertan en beneficio da poboación local sobre a que este se asenta (Cruces, 1998, 79). O contexto actual anteriormente descrito outorga novos significados e unha nova dimensión a este concepto que podemos resumir na frase de Neyret (1992), segundo a cal as actuacións sobre o patrimonio deben valorar non só "o pasado das pedras" senón tamén "o futuro dos seres humanos".

Así, hoxe en día a restitución preséntase tamén como restitución económica na medida en que o patrimonio se converte, como acabamos de ver, nunha fonte económica xeradora de ingresos a través do turismo. Pero á vez a protección e recuperación de manifestacións culturais orientadas pola súa conversión en produtos ou destinos turísticos pode contribuír á calidade de vida dos seus habitantes pola mellora do contorno, ao coñecemento e revalorización do propio, etc... Así, os procesos de activación patrimonial impulsados polo turismo son tamén procesos de activación e recreación das identidades nos que as poboacións enfróntanse ao sentido do seu pasado e ó deseño do futuro. O patrimonio e as manifestacións culturais locais móstranse non só como elementos de atracción do outro, do visitante e do turista e, por tanto, de proxección da sociedade cara a fóra, senón tamén como novos elementos de articulación e cohesión da propia sociedade local cara a dentro e como ámbito para a construción do "nosoutros" na que necesariamente debe basearse o éxito de calquera proxecto colectivo.

Non cabe dúbida de que os poderes políticos locais son axentes con gran poder de intervención no deseño e execución dos proxectos de desenvolvemento local baseados nos usos turísticos do patrimonio. Deles dependen aspectos tan fundamentais como a dotación de recursos, a negociación con outras administración e poderes, a selección e contratación de técnicos cualificados e as medidas para facer efectiva a integración da poboación local (Sierra 1999a, 316).

Como ocorre noutros lugares, en Galicia os poderes locais son cada día máis conscientes do atractivo e amplo consenso que suscitan as actua-

## ÍNDICE

|  |           |
|--|-----------|
| <b>Presentación</b> .....  | <b>7</b>  |
| <b>Sentido da unidade no conxunto do programa</b> .....                              | <b>8</b>  |
| <b>Os obxectivos</b> .....   | <b>8</b>  |
| <b>Os principios metodolóxicos</b> .....   | <b>9</b>  |
| <b>As actividades</b> .....  | <b>9</b>  |
| <b>Os contidos básicos</b> .....   | <b>11</b> |
| 1. Os conceptos de cultura e de patrimonio.....                                      | 11        |
| 2. tipos de patrimonio.....  | 14        |
| 3. A constitución do ámbito do patrimonio .....                                      | 19        |
| 3.1. Do patrimonio como valor esencial ao patrimonio<br>como construción social..... | 19        |
| 3.2. A natureza e a historia como fontes de sacralidade .....                        | 21        |
| 4. Axentes e dinámica de patrimonialización .....                                    | 23        |
| 4.1. Dinámicas patrimonializadoras das institucións<br>gubernamentais .....          | 25        |
| 4.1.1. Promover imaxes comunitarias .....  | 25        |
| 4.1.2. O desenvolvemento económico apoiado<br>no turismo .....                       | 26        |
| 5. O patrimonio como ámbito de participación e reflexividade.....                    | 27        |
| <b>Bibliografía</b> .....  | <b>30</b> |

O turismo constitúe hoxe en día en Europa un sector económico estratexicamente deseñado desde as propias institucións do Estado para facer fronte á crise dos sectores produtivos primarios que sofren determinadas rexións europeas como Galicia como consecuencia da integración económica europea. Os valores da natureza, da historia e da tradición, dos que xa temos falado, van ser utilizados na mobilización de fluxos turísticos desde as zonas máis desenvolvidas, industrializadas e urbanizadas cara a aquelas outras rexións que, precisamente polo seu atraso e carácter periférico, conservaron un marcado carácter rural e atesouraron manifestacións históricas e naturais relevantes.

O desenvolvemento deste tipo de turismo, así como a protección, revalorización e potenciación dos recursos nos que se basea, resulta ser un obxectivo importante da Política Agraria Común (PAC), que se concreta como tal nas accións centrais de moitos programas de desenvolvemento rexional da Unión Europea, como o Leader (Relacións entre Accións de Desenvolvemento da Economía Rural) e o Proder (Programas de Desenvolvemento e Diversificación da Economía Rural), de aplicación nas zonas incluídas dentro do Obxectivo 1 (rexións agrícolas atrasadas), no que se atopa clasificada Galicia.

Nestes programas deséñase un novo modelo de mundo rural, non centrado exclusivamente na produción agraria, senón baseado na diversificación de actividades económicas e na revalorización de recursos ata agora infrutilizados como paisaxes, arquitectura popular, festas e rituais, artesanía, gastronomía, etc. (Aguilar Criado 2003, 2).


A pregunta acerca do risco ou da oportunidade que ofrece esta nova situación divide desde hai tempo aos estudosos do fenómeno turístico. O turismo de masas do século pasado centrado nos valores de sol e praia, deu abundantes mostras e exemplos dos riscos, nas graves consecuencias que tivo a especulación inmobiliaria coa destrución da paisaxe e na urbanización e uniformación a gran escala de lugares e espazos que perderon as pegadas da súa historia e a súa configuración idiosincrásica. Tampouco supón un risco menor a mercantilización da cultura, que pode comportar a súa conversión nun produto de consumo rexido exclusivamente pola lei da oferta e da demanda, redutora das dimensións máis propias da cultura (Greenwood, 1972).

As políticas turísticas pretenden orientarse hoxe por parámetros diferentes como son o desenvolvemento endógeno e sostible e a implicación da poboación local.

## **5. O PATRIMONIO COMO ÁMBITO DE PARTICIPACIÓN E REFLEXIVIDADE**

Seguindo a García Canclini (1993) podemos establecer os seguintes modelos de actuación sobre o patrimonio que poden seguir os distintos axentes que interveñen nos procesos de patrimonialización:

Para o modelo que podemos cualificar como TRADICIONALISTA-MONUMENTALISTA, o patrimonio encerra unha esencia que hai que gardar



Nos traballos de campo debemos descubrir estes procesos de construción identitaria atendendo especialmente aos recursos patrimoniais que se utilizan para simbolizar as afirmacións da identidade.

#### 4.1.2. O desenvolvemento económico apoiado no turismo

Un novo foco de interese das administracións públicas sobre o patrimonio vén dado hoxe en día polo importante papel que este pode cumprir no desenvolvemento económico a través da súa asociación co turismo.

O turismo é unha nova forma de viaxe que nace coa modernidade. Primeiro foi unha práctica limitada ás clases altas das sociedades máis avanzadas pero progresivamente foi estendéndose entre amplas capas da poboación. Isto foi posible grazas tanto a cambios tecnolóxicos como a condicións de tipo social. Entre os primeiros hai que destacar o desenvolvemento dos medios de transporte e a construción de vías de comunicación. Entre as segundas, o aumento do tempo de ocio e as vacacións pagadas dos traballadores. Os sociólogos S. Lash e J. Urry (1995) destacan a grande importancia que posúen non só o turismo senón a mobilidade en xeral, como fenómeno cultural propio da sociedade moderna e no que se expresan moitas das súas características específicas.

Expresións como “turismo rural”, “ecoturismo”, “turismo verde” “turismo de natureza” ou “turismo cultural” refírense a un novo modelo que está a reemplazar o modelo anterior dominante nos anos 60-70 do século pasado denominado de “sol e praia”. No mundo anglosaxón resúmese o paso dun ó outro modelo falando da substitución dos tres “s” (sun, sand, sea) polos tres “n” (natureza, nostalxia, nirvana).

O novo modelo responde á necesidade de saída e afastamento das grandes cidades por parte dos “urbanitas” e está orientado pola busca de experiencias relacionadas cos valores da “autenticidade”, da natureza incontaminada, das raíces históricas e da tradición.

Entre os moitos contrastes que existen entre o primeiro modelo de desenvolvemento turístico e o actual está o feito de que mentres o primeiro foi impulsado directamente pola iniciativa privada empresarial, o actual caracterízase polo intervencionismo estatal e o control directo que as administracións exercen sobre o deseño e o financiamento das iniciativas (Valcárcel Rivero e Santos Solla 1998).

## PRESENTACIÓN

O patrimonio cultural (PC) está converténdose nunha realidade cada vez máis presente e importante na sociedade actual. Isto ten que ver con cuestións culturais moi actuais como por exemplo o multiculturalismo, a reivindicación das identidades ou o interese polas tradicións e o pasado. Pero tamén ten que ver con aspectos económicos como o desenvolvemento rural e o turismo. O patrimonio é hoxe en día un recurso que non pode pasar desapercibido nos programas integrais para un desenvolvemento endógeno e sustentable.

Isto leva a que aumente o abano de especialistas que deben adquirir na súa formación un marco conceptual que permita comprender a natureza do PC, o conxunto de aspectos que engloba, así como a súa significación e usos na sociedade.

Os contidos desta unidade didáctica pretenden ofrecer unha formación inicial e básica en torno a estes aspectos. Forman parte das materias “Antropoloxía, Patrimonio Cultural e Educación” e “Patrimonio Etnográfico e construción das identidades locais” que se ofrecen como optativas na Licenciatura en Pedagogía, na Diplomatura en Educación Social (a primeira) e no Posgrao en Servizos Culturais (a segunda), da Universidade de Santiago.

Polo que respecta á titulación de Servizos Culturais resulta claro que hoxe en día unha parte importante da demanda de produtos e servizos relacionados coa cultura está centrada no PC e, en particular, nas manifestacións da cultura propia de Galicia que integran o chamado patrimonio etnográfico.

No caso da Educación Social e da Pedagogía, o PC faise relevante en ámbitos como a animación sociocultural e a xestión cultural local. Educar e sensibilizar no valor do PC é educar no respecto á diversidade cultural, na identificación das persoas co legado do pasado e a memoria. Promover o patrimonio en ámbitos locais representa un xeito de fomentar a sociabilidade e o encontro interxeracional.

O enfoque desta UD é o propio da área específica de coñecemento da Antropoloxía Socio-Cultural. Na medida en que o PC abarca manifestacións culturais de diverso tipo son varias as áreas de coñecemento implicadas no estudo e análise do patrimonio: a Arqueoloxía, a Arquitectura, a Historia, a Historia da Arte, etc... O característico da Antropoloxía é que introduce unha visión intercultural e comparativa e se interesa pola produción social do patrimonio así como polo seu uso e valor social, contemplándoo como un ámbito no que se entrelazan e converxen moitos outros fenómenos sociais: as identidades sociais, o poder e as desigualdades, os valores cambiantes, a economía, etc...

## **SENTIDO DA UNIDADE NO CONXUNTO DO PROGRAMA**

Esta unidade didáctica abarca dous temas primeiros do programa, referidos ás definicións e concepcións do patrimonio cultural (tema 1) e os axentes e dinámicas de patrimonialización (tema 2). Nela adquiriremos as ideas e conceptos máis básicos respecto do que é o PC e os seus usos na sociedade.

Abordaremos un conxunto de definicións verbo do PC así como dos diversos tipos de patrimonio que comprende. Preténdese igualmente achegar os elementos do marco conceptual que debe utilizar o alumnado para analizar os casos reais que serán obxecto do seu traballo persoal na materia. Os contidos deseñáronse coa intención de proporcionar ó alumnado instrumentos para a observación e análise crítica da realidade.

Presentaremos unha concepción do PC “procesal”, “construtivista” e “participacionista”. Isto implica aclarar a diferenza que existe entre cultura e patrimonio e as razóns e contextos que explican que unha determinada manifestación cultural se converta en patrimonio: que grupo social a considera como tal, que valores e sentidos lle atribúe, que accións leva a cabo para que se recoñezan eses valores, etc... Observaremos o PC como un ámbito político sobre o que se reflicten diversos intereses e identidades sociais. Pretendemos sensibilizar na idea de que a xestión profesional do patrimonio debe seguir criterios rigorosos de respecto á realidade histórica e cultural. Pero tamén debe promover a participación social e democrática, de xeito que o patrimonio se converta nun ámbito no que poidan recoñecerse a diversidade de individuos e grupos que forman parte da sociedade.

Aplicaremos esta mirada á sociedade actual sinalando as súas características xerais que permiten comprender a importancia que adquiren os procesos de patrimonialización particularmente en Galicia, a diversidade de axentes que os promoven (organismos internacionais, administracións públicas, sociedade civil, etc...), así como as dinámicas ás que responden (construír identidades sociais, turismo, desenvolvemento local, etc...).

## **OS OBXECTIVOS**

- Distinguir a concepción construtivista e participacionista do PC da concepción esencialista e monumentalista.
- Diferenciar os distintos tipos de patrimonio e enumerar as manifestacións que comprenden.
- Relacionar o auge actual do patrimonio con características propias da sociedade actual.
- Identificar manifestacións patrimoniais situadas en ámbitos locais como recursos para o desenvolvemento e a dinamización socio-cultural.
- Analizar a estrutura social e institucional da que depende a posta en valor do PC.

A xestión do patrimonio desenvólvese nun tema específico do programa desta materia. En correspondencia co carácter introdutorio desta UD e o seu énfase na súa produción e usos sociais, aquí preguntaremos polos intereses e obxectivos aos que responden e ás dinámicas xeradas polas administracións públicas en relación co patrimonio. Estes intereses e obxectivos artículanse en torno a dúas grandes liñas de actuación: a promoción de imaxes comunitarias e o desenvolvemento económico apoiado no turismo.

### **4.1. Dinámicas patrimonializadoras das institucións gubernamentais**

#### *4.1.1. Promover imaxes comunitarias*

Xa vimos que o patrimonio constitúese como un ámbito social específico no século XIX en vinculación directa cos nacionalismos e o seu afán de lexitimarse e representar a identidade común a través dos monumentos e dos símbolos do pasado. A promoción de imaxes comunitarias segue a ser hoxe en día un interese moi presente nas actuacións das administracións públicas en relación co patrimonio. Os proxectos colectivos esixen sempre cohesionar aos grupos en torno a obxectivos comúns, fomentando sentimentos de pertenza que consigan atenuar as diferenzas que existen no interior dos grupos humanos. Mostrar a historia que se comparte e mobilizar afectos e sentimentos en relación cos acontecementos históricos resulta ser unha estratexia básica para a construción do nosoutros. Nesta tarefa, como xa vimos atrás, o patrimonio convértese nun instrumento privilexiado.

Así por exemplo, a participación das institucións políticas na revalorización actual do Camiño de Santiago á que nos referíamos anteriormente ten moito que ver coa construción política de Europa e a promoción dunha identidade común europea entre os cidadáns. Na nova conxuntura política o Camiño convértese nun elemento de gran virtualidade para ser presentado como símbolo das raíces culturais e dos ideais comúns de Europa. Se prestamos atención ao discurso que utilizan os políticos cando falan do Camiño, veremos que o interpretan de xeito completamente diferente á Igrexa, obviando os aspectos relixiosos e presentando como expresión da meta común, das crenzas compartidas, do espazo de encontro e comunicación que representa Europa.

A partir dos delineamentos que viñemos desenvolvendo podemos trazar un esquema que nos axuda a fixar a vinculación esencial que existe entre os termos identidade-historia e patrimonio nos procesos de construción das identidades colectivas

Por **sociedade civil** entendemos o conxunto de organizacións non gubernamentais que interactúan nun contexto social determinado. Organizacións encadrables nesta categoría cuxa actuación pode ter incidencia sobre o patrimonio son por exemplo as asociacións cívicas de diverso tipo como as asociacións de veciños ou as asociacións culturais. Unha asociación de veciños pode contemplar complementaria ou puntualmente algunha actuación sobre o patrimonio. As asociacións culturais poden ser xeneralistas (ocúpense en xeral da cultura e do patrimonio) ou ben sectoriais, de xeito que a súa actuación se centra especificamente sobre un determinado ben patrimonial. Un exemplo deste último caso é precisamente o das Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago.

Os traballos realizados na materia ao longo destes anos puxeron de relevo a importancia que está tendo en Galicia o movemento asociativo como impulsor dos procesos de patrimonialización, así como a diversidade de accións que este leva a cabo: reivindicativas, educativas e sensibilizadoras, promotoras e xestoras, mesmo investigadoras. Estas accións poden chegar a ter un grande efecto dinamizador sobre os contornos locais. Como afirma A. Ariño, moitas veces estas asociacións “mobilízanse para defender bens pouco recoñecidos polas políticas vixentes e para sensibilizar ao conxunto da sociedade ante os riscos de deterioro do seu contorno e identidade” (2002, 64). O seu ámbito de actuación é, pois, con moita frecuencia o espazo público local e esta responde á tentativa de producir un espazo social próximo dotado de significatividade e calidade de vida.

**A empresa privada** contemplou frecuentemente o patrimonio como un obstáculo para as súas actuacións. Un exemplo claro disto podémolo ver nas limitacións referentes ao uso de solo asociadas á protección de bens patrimoniais inmoebles que poden afectar ás empresas construtoras. Non obstante, hoxe en día isto está cambiando, sobre todo con respecto á empresa turística e outros sectores empresariais asociados a ela pola importancia que, como veremos, está a adquirir o patrimonio para o desenvolvemento turístico.

**As organizacións e institucións gubernamentais:** estrutúranse en diferentes niveis en función da organización administrativa e territorial de cada país. Teñen un gran poder de actuación sobre o patrimonio. Este poder radica na capacidade que posúen de legislar, financiar, xestionar e desenvolver programas e actuacións amplos no marco das políticas culturais, urbanísticas e de desenvolvemento.

No caso de Galicia, estas organizacións e institucións sitúanse en catro niveis administrativos: internacional ou supraestatal (como a Unesco, o Consello de Europa ou a Unión Europea), nacional español ou estatal, autonómico galego e local ou municipal.

Cada un destes niveis posúen competencias, nuns casos específicas, noutros compartidas, que teñen que ver co que se denomina a xestión do patrimonio cultural. O concepto de xestión do patrimonio refírese ao conxunto de actuacións programadas co obxectivo de conseguir unha óptima conservación de bens patrimoniais e un uso destes bens axeitado ás esixencias sociais contemporáneas (Ballart Hernández e Juan i Tresserras 2001, 15).

- Interesarse e sensibilizarse polo valor do PC de Galicia, así como polo que existe no contexto máis próximo.

## OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

---

- A UD, como en xeral a materia, pretende establecer unha correspondencia moi estreita entre o desenvolvemento da teoría e a observación na realidade de casos de posta en valor do PC. Isto perseguirase distribuindo e coordinando o traballo na materia entre as CLASES PRESENCIAIS, a realización dun TRABALLO DE CAMPO por parte do alumnado e as TITORÍAS.
- CLASES PRESENCIAIS: consistirán na explicación dos contidos teóricos por parte da profesora así como na exemplificación destes contidos en casos prácticos. Preténdese que estes sexan achegados en gran parte polo alumnado que deberá ir presentando nas clases aspectos parciais resultado da elaboración progresiva dos seus traballos. Tamén se utilizará a Internet como un instrumento asiduo para facer localizacións e buscas de casos.
- TRABALLO DE CAMPO: o alumnado, ben individualmente ou en grupo, deberá realizar un traballo de campo que terá por obxecto observar e analizar un caso de posta en valor do patrimonio que se estea producindo nunha sociedade local próxima ou á que se poida ter un fácil acceso. Preténdese que as contribucións particulares sirvan para enriquecer a experiencia da clase no seu conxunto, elaborando deste xeito entre todos un mapa e un diagnóstico da diversidade de actuacións sobre o patrimonio que se están producindo na actualidade en Galicia.
- O traballo desenvolverase ao longo do curso e será orientado e supervisado mediante a asistencia obrigatoria a TITORÍAS. Nelas daranse as directrices para elaborar o proxecto inicial e indicaranse as distintas actividades que se deberán realizar nas distintas fases do traballo. Estas actividades parciais serán recollidas polo alumnado nun cartafol que se deberá entregar ao final do curso xunto co traballo rematado.

## AS ACTIVIDADES

---

Estas actividades son as indicadas tanto para o estudo dos contidos da UD como para a fase inicial de elaboración do traballo de campo que se corresponde con eles.

- Buscar na rede o uso de conceptos como “patrimonio cultural”, “patrimonio etnográfico”, “patrimonio etnolóxico”, “patrimonio natural”, “patrimonio arqueolóxico” e outros termos asociados á pa-

labra “patrimonio”, poñéndoos en relación e comparándoas coas definicións que se presentaron na clase.

- Entrar na páxina web dalgunha institución internacional (Unesco, Consello de Europa, Unión Europea) e consultar algunha das seccións dedicadas ao patrimonio.
- Facer un seguimento durante unha semana dun xornal e recoller as noticias que se publican sobre patrimonio buscando criterios de clasificación para elas: tipos de patrimonio, tipos de actuacións, localización xeográfica, etc...
- Ler e resumir as achegas da bibliografía sinaladas cun asterisco (\*) para perfilar e afondar en elementos do marco teórico necesarios para a elaboración do traballo de campo.
- Entrar na páxina web do propio concello e comprobar se hai unha sección dedicada ao patrimonio e como se trata.
- Obter información no concello sobre plans e actuacións que se levan a cabo para promover o patrimonio.
- Localizar e seleccionar no concello algunha actuación importante en relación co patrimonio e identificar os distintos actores sociais que están implicados nesta actuación.
- Constatar se teñen os mesmos obxectivos e intereses.
- Localizar no contorno próximo movementos asociativos que teñan entre os seus obxectivos promover algún tipo de patrimonio.
- Deseñar as preguntas dunha entrevista con algún directivo dunha destas asociacións para informarse das actividades que realiza.
- Realizar e transcribir esta entrevista.
- Recoller información entre algúns veciños de distintas idades do propio concello sobre os elementos do patrimonio local que son máis importantes para eles e que están vinculados con experiencias vitais e sentimentos persoais.
- Recoller na rede información sobre os programas Leader da UE.
- Localizar na rede a actuación importante dalgún programa Leader en relación co PC, en Galicia, resto de España ou Europa.
- Informarse da actuación dalgún programa Leader no propio concello.
- Recoller folletos informativos e publicidade sobre o patrimonio e analizar os discursos que se utilizar e os valores que se resaltan.

toma como pauta de referencia fundamental o futuro, mira continuamente o futuro. O desarraigamento das poboacións urbanas, a quebra da tradición, a permanente “colonización do futuro” que, segundo Giddens (1993), é propia da sociedade actual, estarían na base da revalorización do patrimonio e na importancia que este adquire como foco de atracción nas prácticas de turismo e de ocio.

As dúas grandes ideas culturais ás que nos estamos referindo, historia e natureza, vincúlanse na actualidade nun mesmo sentimento de perda dunha época aínda viva en determinados lugares e en manifestacións culturais que se revalorizan como expresión da integración do ser humano no medio, como é o caso das que son propias das sociedades rurais.

A recuperación da arquitectura tradicional, de artesanías, de feiras, festas, procesos produtivos, etc., que se están producindo por toda Galicia e que a ben seguro emerxerán nos traballos de campo desta materia, deben ser entendidos neste marco de ideas e valores que acabamos de trazar.

#### 4. AXENTES E DINÁMICAS DE PATRIMONIALIZACIÓN

O marco teórico construtivista do que partimos nesta materia carrega, como vimos, a adopción dunha óptica particular sobre o patrimonio. Implica enténdelo e observalo, non como algo que é senón como algo que se produce, que se está a producir de feito diante dos nosos ollos hoxe en Galicia e que imos observar no traballo de campo.

Esta óptica obríganos a preguntarnos *quen produce o patrimonio?* ou, o que é o mesmo, *quen son os axentes de patrimonialización?* Podemos definir os axentes de patrimonialización como os actores sociais concretos que levan adiante ou impulsan os procesos de patrimonialización con accións específicas.

Como afirma LL. Prats, non patrimonializa quen quere, senón quen pode. O que se quere dicir con isto é que hai que ter poder e que o alcance patrimonializador da iniciativa estará en relación con este grao de poder. As circunstancias, os contextos, mesmo a unión e a vontade dos individuos, poden chegar, porén, un gran poder patrimonializador a colectivos e asociacións cidadás que en principio teñen poucos recursos en comparación coas grandes institucións. Unha vez máis podemos referirnos ao Camiño de Santiago e ao gran labor que realizaron as Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago na súa revitalización. Delas partiu a idea e a reivindicación de recuperar os trazados históricos e a práctica da peregrinación a pé. Tamén partiron delas as primeiras iniciativas, como foi a sinalización do Camiño Francés con sinxelas frechas amarelas pintadas en árbores, muros e pedras, que son unha expresión dos escasos recursos de que dispoñían.

Podemos clasificar os distintos tipos de axentes de patrimonialización en tres categorías:

**A sociedade civil, o sector privado e as organizacións e institucións gobernamentais.** Nun gran número de procesos de patrimonialización converxen as actuacións destes tres tipos de axentes que poden manter relacións de conflito ou de cooperación.

Neste punto podemos comprender mellor o carácter simbólico do patrimonio do que vimos falando. Os obxectos históricos e os monumentos son símbolos desa historia que cumpren moi ben a funcionalidade que V. Turner atribuíra aos símbolos rituais: “fan visible e tanxible” aquilo que resulta difícil de ver ou de entender (1980, 55), neste caso, épocas históricas e acontecementos que pertencen ao pasado e que nunca presenciámos. Como afirma Ballart (1997, 29) os obxectos son unha porta cara ó pasado, por medio deles este faise presente e adquire realidade. O gran poder de representación simbólica dos obxectos históricos e dos monumentos baséase na lei da asociación de ideas que coñecemos como metonimia e que refire á capacidade que ten unha parte de evocar o todo: o monumento pertence a unha época, relaciónase con todo un contexto histórico e por iso pode evocalo como tal no seu conxunto.

Pero debemos caer na conta de que ese “nós” que se afirma no nacionalismo ten sempre como punto de partida unha diversidade real de individuos e intereses na sociedade. O nacionalismo, como movemento político que é, parte de grupos concretos de liderado dentro da sociedade e implica a vontade de articular a diversidade en torno a elementos comúns cos que todos se poidan sentir identificados e permitan diferenciar ao grupo doutros grupos. Dada esa diversidade, as propostas de identificación non van ser nunca as únicas posibles. Neste sentido LL. Prats fálanos de diferentes “nosoutros do nosoutros” (1998, 70), é dicir, das “diferentes versións ideolóxicas da identidade” que poden construírse a partir dunha mesma historia real. Do mesmo xeito, os acontecementos históricos e os obxectos e monumentos que se seleccionan para representar as versións da identidade serán tamén diferentes. Neste contexto, disciplinas como a historia e a arqueoloxía poden converterse nas mans do poder político en instrumentos moi eficaces para definir e fixar as identidades. Ballart refírese aos casos de Hitler e Musolini en Europa que privilexiaron respectivamente a arqueoloxía do pobo ario e do pasado romano para apoiar as “versións ideolóxicas da identidade” acordos cos seus intereses.

O século XIX foi ao mesmo tempo o século do nacionalismo e o século do patrimonio en Europa, no que xurdiron os primeiros grandes museos nacionais como institucións expresamente encargadas de reconstruír e mostrar os “símbolos da nación”, os “símbolos sagrados da patria”. Pero, tal e como veremos nun próximo apartado, este “recurso ao patrimonio” que se produciu historicamente no contexto da configuración das nacións europeas podémolo observar tamén hoxe en día ao noso arredor en distintos procesos de construción de identidades e tanto a nivel local como nacional ou supranacional.

Pero ademais o gran valor que adquire a historia na nosa sociedade ten que ver con riscos que son propios da modernidade e que se manifestan no sentimento ao que se lle deu a expresión de “ansias de pasado”. Segundo J. Ballat (1997, 156), isto debe considerarse como unha reacción contra a vertixe que produce en nós o cambio constante e a aceleración histórica. Mentres as sociedades tradicionais se orientaban polo pasado, é dicir, o pasado fornecía a pauta de actuación para o presente, a sociedade actual

## OS CONTIDOS BÁSICOS

---

### 1. Os conceptos de cultura e de patrimonio

Para entender que é o PC debemos partir da comprensión do concepto de cultura pois estes están moi relacionados. A palabra cultura pode entenderse en sentidos diferentes. No seu uso máis común na sociedade adoita empregarse cun *sentido culto ou elitista* entendéndose como un conxunto especial de coñecementos, habilidades e formas de sensibilidade, os cales dan a súa vez lugar a manifestacións ou produtos que se agrupan principalmente nas chamadas “belas artes”. Segundo esta concepción, á cultura unicamente teñen acceso os individuos que posúen unha determinada formación e educación, algo que se corresponde tamén normalmente cun nivel económico relativamente elevado.

O *sentido antropolóxico de cultura* é moito máis amplo. Desde a perspectiva da Antropoloxía Social a cultura son *todos aqueles produtos que unha determinada sociedade ou grupo humano crea para sobrevivir e reproducirse como tal nun contexto xeográfico e histórico dado*. Eses produtos son recursos para adaptarse aos diferentes contextos nos que se insertan as sociedades e ás condicións variables destes. Sen eses recursos os seres humanos non poderíamos sobrevivir. A partir desta concepción deixa de ter sentido falar de individuos cultos e incultos ou de grupos sociais cultos ou incultos. Todos os grupos humanos teñen cultura, os seres humanos son seres culturais por natureza.

A palabra cultura pode usarse en singular en referencia á cultura xeral da humanidade. Pero debemos saber tamén que esta contén á súa vez dentro de si culturas diversas e plurais que se corresponden coa diversidade de sociedades e grupos humanos.

As producións culturais poden ser de tipo *material* ou *inmaterial*. Produtos *materiais* son aqueles que é posible ver, tocar, percibir. Exemplo de manifestacións culturais materiais serían as vivendas, os vestidos, os instrumentos de traballo ou ferramentas que os seres humanos, a diferenza dos animais, debemos fabricar para producir alimentos e para resgardarnos e abrigarnos das inclemencias metereolóxicas. A actividade da caza e fabricación de útiles e instrumentos para cazar foi historicamente unha manifestación cultural decisiva para o desenvolvemento da especie humana e a súa constitución como *Homo Sapiens*.

Pero a cultura tamén está formada por elementos de tipo *inmaterial*. Chamámoslles así porque non os podemos ver, tocar ou percibir directamente: son os coñecementos, as ideas, as representación acerca da realidade, as normas de comportamento, as crenzas, os significados diversos que se outorgan ás cousas. Na medida en que son compartidos polas persoas que pertencen a un mesmo grupo tamén son cultura.

Esta dimensión inmaterial é un aspecto fundamental da cultura. Unha gran cantidade de produtos ou manifestacións culturais son desta natureza,

por iso moitas veces pasan desapercibidos e son enigmáticos e difíciles de entender para os que non pertencen a unha mesma cultura.

Antes falabamos da importancia da caza e dos instrumentos que se empregan para cazar como elementos materiais decisivos para a evolución humana. Efectivamente a caza é unha actividade que é posible a partir de instrumentos como as lanzas, os arpóns, os coitelos, etc... Pero tamén son moi importantes os aspectos inmateriais como son, por exemplo, os saberes sobre a caza: como se usan as armas, onde se esconden os animais, se son agresivos, se nos poden atacar, etc... A caza só é posible igualmente apoiada nunha organización social: quen caza, quen dirixe as operacións, como se distribúen as tarefas dentro do grupo de cazadores... Isto son normas, son saberes e ideas acerca da caza que a configuran e a fan posible como tal.

A condición da formación da cultura é a transmisión xeracional. Mediante esta transmisión as novas xeracións non teñen que partir de cero e conséguese que os logros culturais se acumulen, se perfeccionen e se incrementen. Neste proceso algúns elementos culturais vólvense obsoletos, son substituídos por outros máis axeitados, abandónanse e desaparecen. Non obstante hai outros que, aínda que xa non resulten útiles, non os tiramos ou destruímos, senón que os conservamos e gardamos substraéndoo da desaparición á que os condenara o paso do tempo. Pois son precisamente esta clase especial de obxectos ou manifestacións culturais as que integran o patrimonio cultural.

Podemos aproximar unha definición do PC dicindo que está integrado por *aquelas manifestacións culturais do pasado que se consideran dignas de conservación, con independencia do seu valor utilitario* (Prats 1998, 63)<sup>1</sup>. Isto quere dicir que as conservamos non pola súa utilidade senón pola súa capacidade de “representar” ou “significar” ideas que son importantes para nós. Un exemplo sinxelo: hoxe en día podemos ver arados e carros como os que se utilizaban ata hai pouco en Galicia para traballar a terra, como pezas de museo ou mesmo adornando xardíns, tanto públicos coma privados. Eses elementos da cultura rural foron substituídos pola nova maquinaria agrícola, deixaron de ser “útiles” para a finalidade para a que foron concibidos, pero conservámoslos polo *significado* que adquiren para nós no contexto do desenvolvemento urbano e de desintegración acelerada do mundo rural.

Diriamos entón que o ámbito específico de manifestacións que integran o PC se constitúe a partir dunha *selección* realizada sobre a totalidade de expresións dunha cultura. Esta selección está baseada, como veremos, na capacidade destes obxectos de transmitirnos ou representar significados e na importancia que adquiriran para nós eses significados.

<sup>1</sup> A palabra patrimonio é de orixe latina e significa o legado do pai que recibimos en herdanza. Non podemos deixar de sinalar o nesgo machista desta palabra que procede dunha sociedade androcéntrica e patriarcal na que son os homes os transmisores e depositarios da herdanza familiar.

discursos son os grupos, ou representantes deles, para os cales esas manifestacións posúen valor.

A idea de xenialidade é a que constitúe o ámbito do patrimonio artístico un campo específico que non é obxecto de tratamento nesta materia e que polo tanto imos deixar de lado. A nosa reflexión vaise limitar aquí aos criterios da natureza e ao da historia porque son os que nos van permitir aproximarnos aos novos valores e usos que adquire hoxe o patrimonio entendido no seu sentido máis amplo.

### 3.2. A natureza e a historia como fontes de sacralidade

A natureza convértese nun valor na medida en que crece a industrialización así como o modo de vida en medios urbanos. Ambas as dúas condicións levarán consigo a progresiva conciencia do deterioro e destrución do mundo natural primixenio así como un sentimento de perda. O romanticismo dará expresión literaria e artística a este sentimento. Pero nós somos hoxe tamén herdeiros destas ideas acerca da natureza. A ecoloxía, entendida non só como ciencia, senón como filosofía e visión do mundo que adquire tanta importancia na nosa sociedade, non sería senón o resultado da evolución e elaboración específica que toma esta idea da natureza no contexto da modernidade serodia, dito agora coa expresión de A. Guiddens (1993).

Se reflexionamos brevemente sobre a gran forza e aceptación social das ideas ecolóxicas, podemos entender en que sentido se lle pode aplicar o cualificativo durkheimiano de “sagrada” á concepción da natureza que está no núcleo desta ideoloxía. Nos nosos días a protección e salvagarda da natureza resulta ser o referente lexitimador que xustifica ideoloxías e programas políticos e éticos, formas de vida, de ocio e de consumo. A gran “marea branca” de solidariedade fronte ao chapapote que invadiu Galicia con motivo do desastre do Prestige ten moito que ver con valores fundados neste carácter sagrado da natureza que empezou a ser considerado como un axioma da cultura occidental no século XIX.

Estes mesmos valores son os que levan hoxe á patrimonialización dos espazos naturais, os cales son sometidos a unha regulamentación e protección especial e tomados como destino das novas prácticas de turismo, de ocio e tempo libre nas que se busca o reencontro coa natureza perdida.

O gran valor que adquire a historia no século XIX debe poñerse en relación directa co xurdimento dos nacionalismos europeos. Neste contexto a historia convértese nun instrumento fundamental para lexitimar a identidade común na que se basea a nación. O nacionalismo implica a afirmación dunha identidade colectiva. Un conxunto de individuos afírmase como un “nós” fronte a “outros” e esa identidade compartida fundaméntase nuns antepasados comúns, así como en ter vivido uns mesmos acontecementos. As teses nacionalistas defenderán que a orixe e a evolución histórica configuraron o grupo como diferente. Desta maneira, para o nacionalismo vai ser sempre decisivo reconstruír a historia, que será presentada como instancia de lexitimación e proba.

de Santiago. Entre eles hai acordos pero tamén moitas diferenzas que transcenden continuamente aos medios de comunicación e nas que se reflicten valores e intereses moi diferentes con respecto ao Camiño.

A pregunta que inevitablemente nos debemos facer é a de *que fai que un determinado obxecto ou manifestación cultural poida chegar a ser considerado patrimonio*. Trátase dunha cuestión aberta en relación á cal se discutiron criterios diferentes como o da escaseza do obxecto en cuestión, o da antigüidade, a obsolescencia, etc... En lugar de entrar na consideración pormenorizada e, desde o meu punto de vista, un tanto estéril de cada un destes criterios, seguiremos aquí a proposta que nos fai o antropólogo catalán J. Prats na súa obra *Antropología y patrimonio cultural* (1997) e que atoparemos tamén resumida no seu artigo "El patrimonio cultural". O grande interese da súa achega é que nos explica a constitución do ámbito do patrimonio en relación ao contexto máis amplo das ideoloxías e valores socioculturais.

Inda que se poden rastrexar en diferentes momentos da historia antecedentes diversos da formación da conciencia patrimonial moderna en fenómenos como o coleccionismo e o conservacionismo<sup>5</sup> o certo é que, na forma característica que esta presenta na actualidade, é un fenómeno recente.

O ámbito do que hoxe entendemos como patrimonio constitúese no século XIX a partir do triunfo de tres grandes ideas que se impoñen como tales nas sociedades occidentais no marco do movemento romántico. Esas ideas son a natureza, a historia e a xenialidade. As tres relaciónanse con condicións históricas da época como son o desenvolvemento industrial, o ascenso da burguesía, o nacionalismo e a vida nas cidades. Tanto a natureza, como a historia, como a xenialidade concíbense como realidades que están fóra do alcance e da intervención humana e que mesmo poden ser cualificadas como "sagradas"<sup>6</sup>.


O gran valor e importancia que adquiren estas ideas levará a que os obxectos ou manifestacións culturais que teñan a capacidade de representar (simbolizar) algunha destas tres grandes ideas, serán susceptibles de converterse en patrimonio. Así, por exemplo, un parque natural poderá ser considerado como patrimonio porque simboliza ou representa unha concreción da idea de natureza; un resto arqueolóxico considerarase patrimonio en virtude da capacidade de expresar ou representar a historia e un cadro dun artista valorarase como patrimonio igualmente en canto concreción ou expresión da xenialidade.

Debemos caer na conta de que o que se di é que os elementos que poden expresar estas ideas son *susceptibles de converterse en patrimonio*, non que se convertan automaticamente. Hai unha segunda condición da que depende esta conversión. É que debe existir un grupo social que xere un discurso, que argumente e mostre o valor dese obxecto, que o lexitime como patrimonio. Noutras palabras: que o patrimonialice, que active o seu potencial valor patrimonial. Detrás da conversión de algo en patrimonio hai sempre discursos, fórmulas discursivas por medio das cales se presenta, se argumenta e se xustifica o valor desa manifestación cultural. Os protagonistas destes

<sup>5</sup> Podemos profundizar no tema dos antecedentes históricos da conciencia patrimonial moderna e o seu carácter diferencial en J. Ballart Hernández e J. Juan i Tresserras (2001), pp. 31 e ss.


<sup>6</sup> Esta cualificación adquire sentido no marco das teorías do sociólogo francés E. Durkheim.

Vexámolo máis graficamente no seguinte diagrama:



Cómpre facer dúas observacións en relación con este diagrama. A primeira é que hai máis cultura que patrimonio. Non todas as manifestacións culturais pasan a integrar o ámbito do patrimonio. A segunda é que o patrimonio está dentro da cultura. Isto quere dicir que o patrimonio é el mesmo un produto cultural específico que resulta dunha segunda elaboración cultural que realizamos sobre un determinado elemento unha vez que este perde a utilidade para a que foi concebido. Volvendo ó exemplo do carro e do arado, ambos os dous son ferramentas, isto é, un tipo particular de obxectos culturais que foron creados para traballar a terra. Pero como dixemos, co paso do tempo estes adquiriron a capacidade de *falarnos* e de representar o pasado rural de Galicia. Ademais trasladámoslos a espazos culturais diferentes de aqueles para os que foron creados, como museos ou xardíns e, en definitiva, convertémolos en *símbolos* de identidade, das orixes campesiñas das que procedemos e coas que nos identificamos.

As palabras en cursiva que viñemos utilizando ("*representar*", "*significado*", "*símbolos*") apuntan xa a que tipo de realidade cultural específica é o PC: é unha realidade simbólica, comunicativa. No ámbito do PC estamos no ámbito das manifestacións culturais cuxa función é comunicar, transmitir ideas e, a través desas ideas, de espertar sentimentos e mover ou conmoer as persoas. O carro e o arado concentran agora moitas ideas que teñen que ver coa sociedade rural galega e coas experiencias do pasado de moitas persoas. Experiencias asociadas a situacións a contextos vitais significativos e por tanto cargadas de afectividade. Deste xeito convértense en símbolos e pasan a integrar o ámbito do PC. Vexamos esquematizada neste cadro a elaboración cultural específica que supón conversión do carro e o arado en elementos do PC:



## 2. TIPOS DE PATRIMONIO

A palabra **patrimonio cultural** é a expresión máis ampla que se corresponde co concepto de cultura entendido como a totalidade de produtos creados polos seres humanos. Pero da mesma maneira que existen diversos tipos de manifestacións culturais, tamén se establecen diversas categorías ou tipos de PC, como son por exemplo as de patrimonio arqueolóxico, patrimonio histórico-artístico, patrimonio etnográfico, patrimonio documental ou bibliográfico, patrimonio natural, etc...

O **patrimonio arqueolóxico**: está integrado polos restos materiais de sociedades e culturas desaparecidas, pertencentes fundamentalmente á prehistoria e á antigüidade. Elementos relevantes do patrimonio arqueolóxico de Galicia son por exemplo os petroglifos, as mámoas ou os castros. Na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia que foi aprobada no ano 1995 dise que o patrimonio arqueolóxico inclúe os elementos xeolóxicos e paleontolóxicos<sup>2</sup> relacionados coa historia humana, as súas orixes, antecedentes e desenvolvemento sobre o medio.

A diferenciación entre **patrimonio histórico-artístico** e **patrimonio etnográfico** debemos entendela en relación ao contexto histórico no que se acuñan estes termos. A distinción está baseada no etnocentrismo propio da cultura occidental e no colonialismo que esta exerceu sobre outras sociedades e culturas. Os estudos de antropoloxía sociocultural desenvóléronse precisamente para estudar as culturas descubertas como resultado do colonialismo e que, de acordo co paradigma evolucionista dominante na segunda metade do século XIX, foron cualificadas como “primitivas” respecto á cultura do progreso que se cría encarnada nas nacións dos conquistadores. A partir de aquí estableceuse unha diferenciación entre “nós” e os “outros” que se vai reproducir na diferenciación entre patrimonio histórico-artístico e patrimonio etnográfico.

**Patrimonio histórico-artístico**: primeiro acuñouse o termo de patrimonio artístico aplicándose a produtos humanos caracterizados por expresar

<sup>2</sup> Os restos paleontolóxicos están formados por organismos, partes de organismos ou indicios de actividade vital de organismos.

## 3. A constitución do ámbito do patrimonio

### 3.1. Do patrimonio como valor esencial ao patrimonio como construción social

Existen basicamente dúas concepcións do patrimonio que denominaremos *esencialista* e *construtivista*. A primeira considera que o patrimonio posúe un valor universal e absoluto, independente do tempo e veo como algo situado máis alá dos intereses e conflitos sociais. Para a segunda, que é a que adoptamos aquí, o valor patrimonial das manifestacións culturais cambia ao longo do tempo e varía segundo quen o considere. Desde esta segunda perspectiva vemos o patrimonio como unha construción social. Con isto quérese dicir que o patrimonio é resultado da atribución de valor e, á vez, do recoñecemento deste por parte dos individuos e dos grupos, recoñecemento en torno ao que pode haber consenso ou conflito.


N. García Canclini, un autor que reflexiona sobre o patrimonio no contexto latinoamericano no que a súa problemática está directamente implicada na cuestión da marxinação e dos dereitos dos indíxenas, proponnos abordar o patrimonio desde esta segunda consideración, contemplándoo, non como un conxunto de bens estables e neutros con valores e sentidos fixados dunha vez para sempre, senón como un “proceso social” cuxo valor e recoñecemento négociase no ámbito das relacións sociais cambiantes. O patrimonio é tamén para este autor un “capital cultural”, pois, como o capital económico, acumúlase, reconvértese, produce rendementos e resulta apropiado de xeito desigual por diversos actores (1993, 43).

Esta posición teórica construtivista reflíctese na terminoloxía que se utiliza e así fálase de “patrimonialización”, de “posta en valor” ou tamén de “activación patrimonial”, aludindo á dinámica social en virtude da cal algo chega a converterse e recoñécese como patrimonio.

Un exemplo no que podemos ver a pertinencia da posición construtivista fronte a esencialista é o caso da revitalización do Camiño de Santiago que se está producindo desde hai algúns anos en Galicia. Parece claro que o Camiño, como realidade física, non tivo no pasado o valor que agora se lle atribúe. No tempo do auge das peregrinacións tivo un valor fundamentalmente instrumental, de vía de comunicación. Posteriormente o desenvolvemento tecnolóxico cos vehículos de automoción e os novos trazados de estradas, levou non só ao abandono dos vellos camiños se non mesmo á súa destrución mediante a superposición de vías rápidas. Hoxe en día unha nova sensibilidade e uns novos intereses sobre os que falaremos despois están levando a que se protexan e se recuperen os trazados dos vellos camiños xacobeos para que poidan ser transitados a pé por un número de peregrinos que medra constantemente. Nesta protección e revitalización participan hoxe en día institucións como o Consello de Europa, que o declarou Itinerario Cultural Europeo, o goberno de Galicia mediante os programas xacobeos, a Igrexa católica e tamén asociacións culturais como as de Amigos do Camiño

nalgún sentido, podémolo considerar como parte deste. Isto é así porque no mundo actual a natureza non existe á marxe do ser humano. Nalgúns lugares como Galicia a natureza está profundamente humanizada, de xeito que podemos falar de “paisaxes culturais” que levan a impronta da acción do ser humano na abundancia de edificacións, de vías de comunicacións, de cultivos, etc... Pero mesmo cando se trata de espazos aparentemente virxes dáse sempre unha apreciación e valoración cultural destes baixo a forma de tratados internacionais que os protexen, de declaracións conservacionistas emitidas por organizacións ecoloxistas ou estatais, etc., que os converte en realidades culturalmente significativas (Escalera Reyes, 1993). Recentemente presentouse no Parlamento de Galicia unha iniciativa para que este declarara os Penedos de Traba e Pasarela situados no Concello de Vimianzo (Costa da Morte) patrimonio natural, protexéndoo dun proxecto empresarial que pretende explotalos como canteira. Porén, as figuras de todo tipo que a imaxinación humana recoñeceu nestes enormes penedos, levaron aos habitantes da zona a darlles nomes e a atribuírlles contos e lendas, integrándoos deste xeito na cultura.

Esta penetración do patrimonio natural no ámbito da cultura é o que pretendemos resaltar neste gráfico:



o sentimento do sublime, entendidos como manifestacións da capacidade de creación estética da cultura occidental. Posteriormente o concepto ampliouse integrando tamén outras manifestacións relevantes do pasado con capacidade de falarnos da historia de occidente. Deste xeito podemos dicir que este patrimonio está formado polas manifestacións relevantes da historia da nación e da xenialidade creativa dos grandes artistas occidentais.

**Patrimonio etnográfico** ou tamén **etnolóxico**: a denominación procede das disciplinas que levan este mesmo nome e que son disciplinas que teñen moito que ver coa antropoloxía. A etnoloxía (de *etno=cultura* e *logos=explicación*) é outra denominación que pode recibir a antropoloxía sociocultural, isto é a disciplina que explica as similitudes e as diferenzas que existen entre as culturas. A etnografía (de *grafos=descrición*) é o nivel descritivo que, como toda ciencia empírica, ten tamén esta disciplina. É pois a descripcón dos fenómenos culturais. Designa todo ese material que recollen os antropólogos e que despois deberá ser explicado mediante a elaboración de teorías apropiadas. As denominacións de Etnográfico ou Etnolóxico aplicados tanto ao patrimonio como aos museos, resaltan un achegamento máis descritivo ou máis explicativo.

Co desenvolvemento destas disciplinas créanse tamén os primeiros museos etnográficos en Europa (como o Museo Pitt-Rivers de Oxford ou o Trocadero de París) para albergar o patrimonio etnográfico das sociedades primitivas, “outras”. Mesmo inda que estes museos recollan fenómenos histórico-artísticos destas culturas, estes non pasarán a integrar o **patrimonio histórico-artístico** que queda así reservado para as manifestacións consideradas “superiores” da cultura occidental.

Posteriormente a antropoloxía asumirá tamén como obxecto de estudo aos “primitivos de Europa”, é dicir, as sociedades campesiñas europeas que se converterán, co avance do industrialismo, nos “outros de nosoutros”. Para estudar os primitivos europeos desenvolveuse tamén no século XIX unha orientación teórica que coñecemos como folclore e que está vinculada á antropoloxía. O folclore está impregnado do romanticismo propio da época e da idea de que o campesiñado, “o pobo” encerraba a esencia, os sinais de identidade da nación. Neste contexto xorden museos de etnografía que tamén reciben o nome, de acordo coa ideoloxía romántica que os inspira, de Museos de Tradicións e Culturas Populares. A finalidade destes museos será albergar e mostrar as manifestacións das culturas campesiñas que se idealizan e se ven como algo que pertence a un pasado que se está perdendo. En Galicia temos un exemplo disto no denominado Museo do Pobo Galego que, inda que se creou máis tardiamente, responde a un proxecto da Xeración Nós, a cal recibiu a influencia do folclore. O Museo do Pobo Galego é un museo etnográfico no que se recollen as manifestacións propias da cultura campesiña e mariñeira de Galicia. O patrimonio etnográfico concíbese desde esta tradición como algo que pertence ao pasado e do que hai que gardar memoria porque encarna a nosa identidade, a cal corre o risco de perderse.

Esta carga ideolóxica segue estando moi presente actualmente na comprensión do patrimonio etnográfico e no uso desta categoría. Non obstante, a antropoloxía hoxe en día aposta por un uso máis dinámico deste con-

cepto. Desde as novas achegas inténtase fuxir dos enfoques “arqueoloxistas” que, como di Agudo Torrico, priorizan o interese polos compoñentes culturais que testemuñan un pasado en vías de extinción (1996, 221). Desde os novos enfoques o patrimonio etnográfico estaría integrado por aqueles elementos culturais que, como resultado da transmisión xeracional, isto é, como resultado dunha tradición<sup>3</sup>, dotan dun carácter diferencial aos grupos humanos. Ten que ver cos elementos de identidade e diferenciación de grupos ou colectivos. Pero a identidade non debe entenderse aquí como unha esencia que non cambia e por tanto representada unicamente polas manifestacións do pasado, senón como resultado do mantemento de elementos de continuidade a través dos cambios e do paso do tempo. Transformación e continuidade resultan do uso e da adaptación constante dos elementos culturais por parte dos individuos. Estes toman os recursos culturais dos que dispoñen pero adaptáneos e transfórmanos continuamente ás novas circunstancias.

Debemos pois adoptar unha visión dinámica do patrimonio etnográfico considerándoo non como algo que pertence ao pasado e que unicamente se pode conservar en museos senón como un legado que se está a incorporar ao presente de xeitos diferentes. Trátase dunha visión tanto máis necesaria en Galicia, un contexto no que se produciron rupturas bruscas co pasado que levaron a ignorar ou mesmo a desprezar moitas manifestacións culturais que hoxe en día se están a recuperar e a transformar ó descubrirse como recursos valiosos para construír o presente e o futuro. Os traballos de campo nesta materia pretenden estudar estes procesos de recuperación e transformación, así como os novos valores e usos que adquiren estes elementos do patrimonio etnográfico de Galicia.

Unha clasificación que se adoita aplicar a todos estes tipos de patrimonio e atende á materialidade ou non dos elementos é a que consiste en diferenciar entre **patrimonio material** e **patrimonio inmaterial** ou tamén **patrimonio tanxible** ou **intanxible**. Trátase dunha diferenciación que reproduce a que xa vimos entre cultura material e inmaterial. O material e o inmaterial son dúas dimensións que están sempre presentes en calquera manifestación cultural e son inseparables. Como vimos anteriormente no exemplo da caza, as ferramentas son elementos materiais pero o seu uso implica elementos como coñecementos e normas que son inmateriais. Do mesmo xeito, manifestacións culturais inmateriais como rituais ou sistemas de crenzas, concréntanse en accións materiais ou obxectos. Pensemos por exemplo en todos os obxectos que podemos atopar nunha igrexa e que están asociados ás crenzas e rituais relixiosos: imaxes de santos, libros ou postais de devoción, petos de ánimas, exvotos, etc... A efectos de clasificación podemos recoñecer, non obstante, que hai manifestacións culturais nas que pesa máis un ou outro destes aspectos materiais ou inmateriais.

En referencia ao patrimonio material diferénciase entre **patrimonio moble** e **inmóble**. A Lei de Patrimonio Cultural de Galicia integra no que denomina *bens mobles* os obxectos removibles ou transportables (como libros, cadros, xoias, tecnoloxía, etc...) que poden estar agrupados en forma

<sup>3</sup> Etimoloxicamente a palabra tradición procede do latín *trans do* que significa transmitir, entregar, facer pasar a mans de outro, e con este sentido, dunhas xeracións a outras.

miscelánea ou monográfica e poden integrar coleccións ou museos. Os *bens inmóbles*, pola súa banda, comprenden edificios ou construcións localizadas nun territorio. A lei usa as seguintes categorías nas que poden ser clasificados este bens inmóbles: monumento, conxunto histórico, xardín histórico, sitio ou territorio histórico, zona arqueolóxica, lugar de interese etnográfico, ou zona paleontolóxica.

Dentro do apartado dedicado ao patrimonio etnográfico, a lei galega refírese ao que denomina *bens inmóbles de carácter industrial*, os cales inclúen “os restos físicos do pasado tecnolóxico produtivo e industrial galego”. Podemos pensar aquí como exemplos típicos nos hórreos ou nos conxuntos de batáns e muíños para moer o gran ou asociados á produción téxtil e que constitúen un foco común de iniciativas restauradoras e patrimonializadoras en moitos concellos de Galicia.

O **patrimonio etnográfico inmaterial** inclúe segundo a lei “coñecementos, actividades, prácticas, saberes e calquera outras expresións que procedan de modelos, técnicas, funcións e crenzas propias da vida tradicional de Galicia”. Se os batáns e os muíños son parte do patrimonio etnográfico material os saberes acerca da súa fabricación, funcionamento e usos son tamén parte do patrimonio, así como outros aspectos asociados a esas actividades como celebracións, festas, refráns, contos etc...

Outros exemplos de patrimonio etnográfico inmaterial e que nos poden servir para orientar o traballo de campo que debemos realizar nesta materia son os coñecementos, normas e ideas relativos a aspectos culturais, como a organización social (diferenzas entre homes e mulleres, a unidade familiar, as etapas da vida, etc...), as celebracións cíclicas colectivas ou festas do ciclo anual (entroido, festas parroquiais, romarías), a cosmovisión (prácticas curativas, crenzas, a morte e o máis alá, a bruxaría, etc...).

Debemos coñecer ben todas estas diferenciacións de uso común pero cómpre resaltar que organizacións como a Unesco<sup>4</sup> non utilizan a categoría de patrimonio etnográfico mostrando preferencia pola de patrimonio cultural máis abaricante. Efectivamente esta categoría ten a vantaxe de evitar as connotacións do uso etnocéntrico e arqueoloxista do concepto de patrimonio etnográfico ao que xa nos temos referido e de equiparar baixo este epígrafe o valor de manifestacións culturais moi diferentes pertencentes tamén a moi diversos tipos de sociedades. Para a Unesco o patrimonio cultural abarca monumentos, grupos de edificios, sitios que teñen valor histórico, estético, arqueolóxico científico, etnolóxico ó antropolóxico, con independencia de a que tipo de sociedade pertencen.

Para rematar coas aclaracións respecto ás diversas categorías de patrimonio engadiremos algo sobre o **patrimonio natural**. Seguindo novamente a definición da Unesco, podemos dicir que este comprende formacións físicas, biolóxicas e xeolóxicas excepcionais, hábitat de especies animais e vexetais ameazadas e zonas que teñan valor científico, de conservación ou estético. Non obstante, non podemos considerar o patrimonio natural como unha categoría completamente separada do patrimonio cultural e mesmo,

<sup>4</sup> O nome desta organización internacional responde ás siglas de United Nations Educational, Scientific and Cultural Organization. É a organización da que se valen as Nacións Unidas (ONU) para promocionar a educación, a ciencia e a cultura. Cfr. [www.unesco.org/archive/conventio-es.pdf](http://www.unesco.org/archive/conventio-es.pdf)